

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2012

DENDE A
BIBLIOTECA
ESCOLAR
"PAULA
CARBALLEIRA"



1º CICLO E.PRIMARIA

PENSANDO
"NESA"
CARTA, CORREO
ELECTRÓNICO, SMS,
WHATSAPP ...

que tod@s pensades escribir ...



... a todo ser capaz de manter a máxica xenerosidade dun agasallo nestes tempos tan difíciles, pois de novo

suxerencias para pedichonear, pensando que se vos poñedes de acordo cos/as amiguet@s, logo podeades compartir:

- **María Fumaça-Galaxia:** Xa o di a carátula, para cantar e bailar, para pasalo xenial.



- **Os tesouros da illa de Granellandia-P.López-Barxas-El Patito:** O surrealismo de Euxenio Granell enche esta illa. Aventúrate nunha viaxe chea de arte. Disfrutarás.



- **Animalario-X.L. García Fdez.-Everest:** Coas fermosas ilustracións de Suso Cubeiro, unha chea de poesía para que coñezas aos animais cos que compartimos a natureza.

- **Os gatos na Lúa-J.Castelli -Linteo:** E que fan os gatos na Lúa, se sempre a miran á noite dende a Terra? Se queres sabelo, le este conto. En galego...ou inglés



- **O caracol sen sol-M.Uhía-Everest:** Caracol e grilo están moi preocupados. O sol non dá chegado e a vida na fraga empeza a ser difícil. Non vai quedar máis aquel que organizarse e saír na súa procura.

Papás, mamás, prof@s, avós, avoas e persoas adultas en xeral

- **As leis fundamentais da estupidez humana-**



C.M.Cipolla-Rinoceronte: Para reflexionar, para comprobar, porque tod@s recoñecemos no noso entorno que si, que é o grupo máis poderoso. Dixo alguén: "En dúas palabras : im perdible".

- **Tonas de laranxa-María e Manuel Lorenzo-Xerais:** Nunha linguaxe fermosa, a xeito de conto, esta historia que son moitas, de amor (tamén alén da morte), fantasía, viaxes, reloxos...o arume de Moreira e os seus habitantes permanecerá no teu maxín moito tempo



- **50 cosas que no soporto de mis hijos adolescentes-A.Galán-Everest:** Se @ teu/túa primeir@ fill@ está en 5º/6º non podes perderte este libro. Ou se está en infantil e queres ir preparándote. En clave de humor, sen base científica algunha...pero absolutamente real. Recoñéceste? E ti, que adolescente eras?

E se che gusta a banda deseñada: **Ardalén-M. A. Prado-Patito** Editorial, sobre a memoria e a identidade.

